



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía: Microeconomía

| | | | | |
|-----------------------|--|----------|-------|--------------|
| Materia | Economía: Microeconomía | | | |
| Código | V03G020V01101 | | | |
| Titulación | Grao en Administración e Dirección de Empresas | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | FB | 1 | 1c |
| Lingua impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas | | | |
| Coordinador/a | Loveira Pazo, Rosa María | | | |
| Profesorado | Díaz Vázquez, Raquel Ferrero Martínez, María Dolores Lorenzo Alonso, Pedro Loveira Pazo, Rosa María | | | |
| Correo-e | rloveira@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>O obxectivo xeral da materia é o de obter unha visión global da economía en xeral e da microeconomía en particular. Para iso, analizarase o funcionamento dos mercados e o comportamento dos axentes económicos que nel interveñen.</p> <p>En concreto, ofreceráselle ao alumnado unha perspectiva dos mercados e dos axentes desde o punto de vista do equilibrio parcial, tanto nun contexto de competencia perfecta como nun contexto de competencia imperfecta. Analizarase, tamén, o papel do Estado na formulación da política económica.</p> | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| CG1 | Capacidade de análise e síntese |
| CG2 | Pensamento crítico e autocrítico |
| CG5 | Habilidades de comunicación oral e escrita |
| CG6 | Habilidades de comunicación a través de Internet e, dominio de ferramentas multimedia para a comunicación a distancia |
| CG8 | Comunicarse con fluidez no seu entorno, incluíndo competencias interpersoais de escoita activa, negociación, persuasión e presentación |
| CG10 | Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados |
| CG13 | Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo |
| CE2 | Posuír e comprender coñecementos sobre as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais a respecto de como funciona a economía |
| CE16 | Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante |
| CT1 | Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias | | |
|---|--------------|------|-----|
| <input type="checkbox"/> Desenvolver a capacidade para analizar os efectos dos cambios no medio económico sobre o comportamento dos axentes e a súa consecuente repercusión nos mercados. | CG1 | CE16 | CT1 |
| | CG2 | | |
| | CG5 | | |
| | CG6 | | |
| | CG13 | | |

| | | | |
|--|----------------------------------|-------------|-----|
| □ Espertar o interese do alumnado respecto á análise dos efectos das políticas microeconómicas, de modo que ante a aplicación dun novo instrumento de política económica sexan capaces de formar unha opinión fundamentada sobre a súa eficacia na consecución dos obxectivos para os cales se formulou. | CG1 CG2 CG5 CG8 CG10 | CE2 CE16 | |
| Ademais, fomentar o traballo en equipo e potenciar habilidades para expresar e defender de forma coherente argumentos en público. | CG1 CG2 CG5 CG6 CG8 | CE16 | CT1 |

Contidos

| Tema | |
|-----------------------------------|---|
| PARTE I.- INTRODUCCIÓN. | Tema 1. Os principios básicos da economía |
| | Tema 2. Pensar como un economista: conceptos básicos. |
| PARTE II.- OFERTA E DEMANDA. | Tema 3. As forzas do mercado: a curva de oferta e a curva de demanda. Desprazamentos e equilibrio. |
| | Tema 4 A elasticidade e as súas aplicacións. |
| | Tema 5. Benestar: Eficiencia do equilibrio competitivo. Excedente do consumidor e do produtor. |
| | Tema 6: O mecanismo de mercado competitivo e a política económica: a intervención pública. control de prezos e impostos: efectos sobre o equilibrio e sobre o benestar. |
| PARTE III.- FALLOS DE MERCADO. | Tema 7. Externalidades e bens públicos. |
| PARTE IV.- A CONDUCTA DA EMPRESA. | Tema 8. A produción: tecnoloxía e rendementos de escala. A función de produción. |
| | Tema 9. Os custos de produción. |
| | Tema 10. Maximización de beneficios e oferta competitiva. |
| | Tema 11. O poder de mercado. Monopolio e barreiras á entrada. Oligopolio e competencia monopolística. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Resolución de problemas | 15 | 22.5 | 37.5 |
| Seminario | 7.5 | 11.25 | 18.75 |
| Lección maxistral | 52.5 | 103.25 | 155.75 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 1.5 | 5 | 6.5 |
| Exame de preguntas obxectivas | 1.5 | 5 | 6.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------------|--|
| Resolución de problemas | Nas clases prácticas resolveranse exercicios que se lle proporcionarán ao alumnado con antelación para que os resolva antes da clase. Dese modo, identificará aquelas cuestións que lle resultan máis dificultosas e poderá dirimir as súas dúbidas na clase. Tamén se realizará o seguimento de aprendizaxe do estudiantado mediante pequenas probas e exercicios que terán que realizar e/ou entregar. |
| Seminario | Nos seminarios, en grupos reducidos, se efecturarán diversas actividades dirixidas a afianzar os coñecementos adquiridos polo estudiantado nas clases teóricas e prácticas. |
| Lección maxistral | Nas clases teóricas expoñense os principais contidos dos distintos temas, desenvolvendo con máis detalle os puntos de maior complexidade. Para un adecuado seguimento e comprensión das clases é necesario que o alumnado lea con anticipación a bibliografía básica recomendada para cada un dos temas. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|------------|
|--------------|------------|

| | |
|-------------------------|--|
| Resolución de problemas | Atenderase de maneira individual aos alumnos que teñan dúbidas á hora de realizar os problemas e exercicios expostos tanto nas sesións teóricas como nas prácticas, así como asesoraráselles na realización dos mesmos coa meta de que alcancen os obxectivos previstos no programa e poidan resolver autónomamente os exercicios que se lles expoñen. |
| Seminario | Atenderase de maneira individual aos alumnos que teñan dúbidas á hora de realizar os problemas e exercicios expostos tanto nas sesións teóricas como nas prácticas, así como asesoraráselles na realización dos mesmos coa meta de que alcancen os obxectivos previstos no programa e poidan resolver autónomamente os exercicios que se lles expoñen. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas | | |
|---|---|---------------|---|-------------|-----|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Exame escrito (8 puntos). Realizarase en dúas partes: un exame parcial e unha proba final na data oficial establecida no calendario de exames. O alumno/a que no parcial obteña polo menos 1,5 puntos sobre 4, poderá examinarse, na proba final, dos temas restantes do programa. Quen non supere este mínimo terá que examinarse de toda a materia na proba final. O exame final constará de dúas partes: a primeira corresponderase cos temas do exame parcial, e a segunda cos restantes temas do programa. Cada parte valorarase sobre 4 puntos. É condición necesaria: 1) obter como mínimo 1,5 puntos en cada parte para facer a media aritmética simple das cualificacións alcanzadas en cada parte; 2) obter polo menos un 4 sobre 8 para aprobar o exame e poder sumar esta nota á avaliación continua. | 80 | CG1 CG2 CG5 CG6 CG8 CG10 CG13 | CE2 CE16 | CT1 |
| Exame de preguntas obxectivas | Realizaranse, polo menos, dúas probas escritas ao longo do cuadrimestre. Cada unha destas probas valorarase, como máximo, con 1 punto. | 20 | CG1 CG2 CG5 CG6 CG8 CG10 CG13 | CE2 CE16 | CT1 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

- O alumno/a poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de avaliación continua ou alternativamente optar a ser avaliado cun exame final que permita alcanzar o 100% da nota máxima. En caso de optar pola avaliación continua (a cal levará a cabo mediante o sistema de avaliación descrito anteriormente), o exame da convocatoria oficial será parte da mesma do mesmo xeito que o resto de probas/exames que se realizan ao longo do cuadrimestre. En calquera caso, a nota do exame realizado na convocatoria oficial prevalecerá como cualificación final si esta fose superior á obtida mediante o sistema de avaliación continua.
- Para aprobar a materia será preciso obter unha nota final igual ou superior a cinco puntos.
- A data oficial dos exames da materia pódese consultar na seguinte web: <http://fccee.uvigo.es/organizacion-docente.html>
- Na **convocatoria extraordinaria de xullo** mantense o mesmo sistema de avaliación que na convocatoria común. Na **convocatoria de fin de carreira** o exame suporá o 100% da avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Mankiw, N.G, **Principios de Economía**, 8ª edición, Cengage Learning Editores, 2020

Bibliografía Complementaria

Goolsbee, A. , Levitt, S. & Syverson, C., **Microeconomía**, Primera, Reverte, 2015

Krugman, P. & Wells, R., **Microeconomía**, 3ª edición, Reverte, 2015

Pindyck, R. y Rubinfeld, D, **Microeconomía**, Octava, Prentice Hall, 2013

Recomendacións

Outros comentarios

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grao en Dereito impártese no 2º cuatrimestre do 1º curso e a profesora responsable é Mar González Savignat

As particularidades da materia serán publicadas en MOOVI.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

LECCIÓN MAXISTRAL E RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS POR VÍA TELEMÁTICA (CAMPUS REMOTO, MOOVI) en lugar de presencialmente.

* Metodoloxías docentes que se modifican

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)

MOOVI, CAMPUS REMOTO, baixo a modalidade de cita previa, e CORREO ELECTRÓNICO

* Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Novas probas

COMO ALTERNATIVA A AQUELES CONTROIS PROGRAMADOS QUE NON POIDAN REALIZARSE PRESENCIALMENTE, ESTES PODERÁN LEVARSE A CABO VIRTUALMENTE ou, de forma alternativa, poderán ser substituídos ou complementados con ALGÚN TRABALLO ou EXERCICIO PRÁCTICO.

* Información adicional
